



XVI Premios Mestre Mateo

Discurso do Presidente da Academia Galega do Audiovisual

Excelentísimas autoridades, excelentísimo e amado público, queridas compañeiras e compañeiros do audiovisual galego, boa noite.

Un ano máis celebramos o éxito das nosas obras, das nosas películas, series, programas de televisión, documentais, curtametraxes ou calquera formato. Celebramos tamén que haxa cada vez un maior número de películas en lingua galega. Celebramos a diversidade das nosas obras, que van dende a acción, pasando polo humor, intriga, ou obras máis intimistas. Celebramos o noso éxito tanto pola aceptación do noso público, de vostedes, como nos festivais máis esixentes de todo o mundo. E celebramos, e moito, que teñamos máis longametraxes con participación de mulleres. Pero non nos chega. Queremos máis, debemos querer sempre máis. Por vostedes.

Co seu permiso, gustárame reivindicar unha figura histórica, a Pericles, o estratega, o dirixente, o político ateniense, que no século quinto antes de Cristo apoiou con toda a súa forza as artes, a cultura. De Fidias e Miron a Esquilo ou Sofocles ou Aspasia de Mileto. Do Partenón a un gran número de obras teatrais que chegaron ata nós e que seguen emocionándonos hoxe en día.

Pericles, chamado o Olímpico polas súas grandes dotes de orador, ou o Primeiro Cidadán de Atenas, pola súa honradez, dedicación, coidado da democracia e por escoitar sempre aos seus rivais políticos. Aínda é lembrado hoxe en día, dous mil cinco centos anos despois por todo isto. E, ollo, ninguén lembra ao de antes, nin ao de despois de Pericles. Buscamos, nós tamén, as persoas traballadoras da Cultura de Galicia, aos nosos Pericles. Lembren que serán lembrados polos séculos dos séculos.

Por certo, seguro que hoxe en día Pericles falaría, hablaría, parlaría cos adversarios políticos, sobre calquera cousa. Por favor, humildemente, pedímoslles que falen, hablen, parlem. Dialoguen. Todo se soluciona falando. E o mundo será mellor.

Creo, tamén, que a Pericles, tampouco lle gustaría, hoxe en día, que se secuestrasen cautelarmente libros, se denunciasesen pregóns de Entroído, se retirasesen obras de feiras de arte por non ofender, non botaría das ondas radios comunitarias, ou non encausaría rapeiros.

É unha honra que os poetas, os bufóns, riran de un.
As sociedades xustas, libres, honran a poetas e bufóns.

O audiovisual é unha parte fundamental da Cultura e a Cultura é unha parte fundamental de Galicia, sen a cal non se pode entender o noso País. Hoxe, nesta sala estamos reunidas moitas persoas que loitamos co noso traballo pola Cultura de Galicia, por un País mellor.

Persoas que damos todo o que temos por vostedes, porque o merecen todo, pero que sufrimos a precariedade como moitos outros sectores. Si, no audiovisual galego, na Cultura galega, tamén padecemos a precariedade. Busquemos entre todas e todos solucións para atallala. Unha aperta inmensa e fraternal a todas as compañeiras e compañeiros que nestes momentos buscan traballo. Valedes moito, moita forza.

As persoas que nos dedicamos á Arte, á Cultura, as que nos coamos nas súas casas coa televisión, ou nas salas de cine, nos museos, teatros, nas librerías, bibliotecas, ou na rúa, co noso traballo temos un deber, unha obriga, unha marabillosa obriga: a de entreter ao noso público, vostedes. Facerlles rir, chorar, informalos, facerlles vivir outras vidas. En definitiva, emocionalos, facerlles a vida mellor. Tarefa ben difícil. Pero ben bonita, única, preciosa.

Pero temos outro deber, unha obriga para as persoas que non teñen voz. O mundo coñeceu moitas loitas xustas polas que paga a pena loitar, moitas loitas desiguais. Pero entre todas elas, a igualdade real entre homes e mulleres é unha das loitas máis xustas que a humanidade coñeceu ao longo da Historia. Debemos ter un compromiso firme para acadar esta igualdade. E os homes non podemos, non debemos, ser alleos a esta reivindicación, a esta loita. Se non o facemos, seremos cómplices.

Dicía Rosalía de Castro: “Eu son libre. Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos e eles son a lei que rexe o meu destino”.

É un asunto de todas e de todos. Todos e todas unidas denunciando a terrible inxustiza que é a desigualdade de xénero. E coas nosas obras debemos axudar a esa mensaxe. A educar no amor, no respecto, se non, é imposible que haxa igualdade. E sen igualdade é imposible que haxa xustiza, que haxa liberdade. As nenas de hoxe, as mulleres do mañá, deben saber que van poder facer o que queiran, que o mundo é seu. Debemos contribuír co noso traballo, pero tamén coa nosa vida diaria, evitando comportamentos machistas, discriminatorios ou sexistas, para logralo.

E isto non é algo que debamos só reclamar as institucións. Desde aquí pido que utilicemos todas as vías posibles para loitar, entre todas e todos. Dende as administracións, dende esta Academia, pero tamén entre todas as traballadoras e traballadores do noso audiovisual, da nosa Cultura, e de toda a Cidadanía, para loitar pola igualdade, para que o mundo sexa máis xusto, máis libre, mellor.

É hora de que os homes pensemos colectivamente sobre a igualdade, aprendamos, abramos moito os ollos, adaptémonos, sexamos conscientes dos nosos privilexios, saibamos escoitar. E sobre todo, saibamos cando calar.

Sigan gozando da gala. Boas noites.
Vento nas velas!